

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000013.

Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércres**, día **5 de abril de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR NO EDIFICIO SITO NA RÚA QUIROGA, NÚMERO 32(2022/Y001/000288).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR NO EDIFICIO DA RÚA SERRA GAÑIDOIRA, NÚMERO 114 (2022/Y001/000289).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO NÚCLEO RURAL DE MANZOI, PARROQUIA DE CARBALLIDO (2021/Y001/000177).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA AS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA TRADICIONAL DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA EN LOCAI, NÚMERO 4, PARROQUIA DE SANTA MARÍA ALTA (2021/Y001/000223).
5. LICENZA URBANÍSTICA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN PATIO INTERIOR EN EDIFICIO EXISTENTE DE PLANTA BAIXA, ENTRESOLLADO, TRES PLANTAS ALTAS E UNHA PLANTA BAIXOCUBERTA NA RÚA CABO ESTACA DE BARES, NÚMERO 2 (2022/Y001/000235).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

6. CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN NO CONCELLO DE LUGO DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE MOTOCROS, EXP. REF. 2023-C005-000001. ADXUDICACION.

7. CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS E OUTROS PRODUTOS NO FOGAR DO TRANSEÚNTE, EXP. REF 2023/C004/000005. DECLARACIÓN DE DESERTO.

8. CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NO CENTRO SOCIAL E CULTURAL DO VELLO CÁRCERE (EXP. REF. 2018-33) Exp. Tecol: 2021/C005/000044. MODIFICACIÓN PREVISTA DO CONTRATO POR APLICACIÓN DE NOVO CONVENIO COLECTIVO.

9. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MANTEMENTO DOS SISTEMAS AUDIOVISUAIS DO SALÓN DE PLENOS, DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI MURAMIÑAE DA MURALLA AO MIÑO CÓDIGO DE PROXECTO: 16DUSI001 INCLÚIDO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER ORDE HAP/2427/2015, DO 13 DE NOVEMBRO, CON FINANCIAMENTO DO 80%, EXP. REF. 2023/C004/000011.

FACENDA LOCAL

10. ESCRITO SOLICITANDO A REVISIÓN DA LIQUIDACIÓN PROVISIONAL PRACTICADA CORRESPONDENTE Á TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E POLO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS CORRESPONDENTE Á LICENZA URBANÍSTICA PARA O CAMBIO DE LOCALIZACIÓN EN PROXECTO DA EXPLOTACIÓN EQUINA DE PEQUENA CAPACIDADE, EN SANTA MARÍA DE BÓVEDA CON LICENZA URBANÍSTICA EXPEDIENTE 108/2019, OUTORGADA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29.01.2020.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,